

Análise FGE

Regulamento relativo á restauración da natureza

Malia os esforzos para protexer a natureza, un informe de 2020 da Comisión Europea revelou que non se freou o declive das especies e hábitats protexidos, cun 81% deles en mal estado. Para arranxar esta situación, a Estratexia sobre Biodiversidade para 2030 propón un Plan de Recuperación da Natureza da UE que culminou na adopción dun Regulamento en xuño de 2024 que establece medidas para restaurar ecosistemas e cumprir compromisos internacionais de biodiversidade.

Data de publicación: xullo de 2024

Contacto: bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

1. Introducción

A pesares de que a UE leva varias décadas protexendo a natureza sobre a base da Directiva Hábitats¹ e da Directiva Aves², o *Informe sobre o estado da natureza* publicado pola Comisión Europea en 2020³ sinala que aínda **non se logrou “frear o declive das especies e tipos de hábitats protexidos que son motivo de preocupación para a UE por motivos de conservación”**. Pódese sinalar, por exemplo, que o 81% dos hábitats está en mal estado, entre o 60% e o 70% dos solos non está san⁴ e unha de cada dez especies de abellas e de bolboretas atópase en perigo de extinción⁵.

A **Estratexia sobre Biodiversidade para 2030**⁶, no seu intento de frear esta situación, propón un **Plan de Recuperación da Natureza da UE** con unha serie de compromisos, entre os que destaca a presentación dunha “proposta sobre unha serie de obxectivos da UE en materia de restauración da natureza, xuridicamente vinculantes, coa finalidade de recuperar ecosistemas degradados”. **Tal posibilidade foi referendada polo Consello nas súas conclusións de outubro de 2020**⁷.

Entre os seus obxectivos tamén se atopaba o de velar por que **non se produza ningún deterioro no estado de conservación das especies e dos hábitats protexidos** e que “polo menos o 30% das especies e hábitats que na actualidade non presenten un estado favorable acaden ese estado ou mostren unha decidida tendencia positiva cara tal estado de aquí a 2030”.

Como resultado do impulso proporcionado pola Estratexia sobre Biodiversidade, a **Comisión Europea propuxo, en xuño de 2022, un Regulamento sobre a restauración da natureza**. Un ano despois, Consello e Parlamento aprobaban a

¹ **Directiva 92/43/CEE** do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats Naturais e da fauna e flora silvestres.

² **Directiva 2009/147/CE** do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

³ **Informe** da Comisión Europea. *Estado da natureza na Unión Europea*. Informe sobre o estado e as tendencias dos tipos de hábitats e as especies regulados polas Directivas de Aves e de Hábitats durante o período 2013-2018. 15 de outubro de 2020.

⁴ **Comunicación** da Comisión Europea. Estratexia da UE para a Protección do Solo para 2030. *Aproveitar os beneficios duns solos sans para as persoas, os alimentos, a natureza e o clima*. 17 de novembro de 2021.

⁵ **Comunicación** da Comisión Europea. Revisión da Iniciativa sobre os polinizadores. *Un novo pacto para os polinizadores*. 24 de xaneiro de 2023.

⁶ **Comunicación** da Comisión Europea. Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030. *Reintegrar a natureza nas nosas vidas*. 20 de maio de 2020.

⁷ **Conclusións** do Consello sobre biodiversidade de 23 de outubro de 2020.

súa orientación xeral e a súa posición en xuño e xullo, respectivamente, para alcanzar un acordo político provisional baixo a presidencia española do Consello, en novembro de 2023. Tras un intento errado en marzo de 2024, **o Regulamento foi finalmente ratificado no Consello de Medio Ambiente levado a cabo o 17 de xuño de 2024.**

O Regulamento relativo á restauración da natureza correspóndese co primeiro acto xurídico europeo que regula medidas de restauración e non só de conservación da natureza. O texto baséase na idea de que a restauración dos ecosistemas é fundamental para loitar contra o cambio climático, reducir os riscos para a seguridade alimentaria, garantir a saúde humana e fomentar a economía⁸.

O Regulamento **tamén facilitará o cumprimento da UE cos seus compromisos internacionais** en materia de biodiversidade, como o **Marco Global para a Diversidade Biolóxica de Kunming-Montreal**⁹, adoptado en decembro de 2022. Este **contén unha serie de metas globais que deben ser alcanzadas en 2030.** Entre estas, figuran a conservación de polo menos o 30% das zonas terrestres, de augas continentais e costeiras e mariñas, así como a restauración do 30% dos ecosistemas degradados e a redución á metade da introdución de especies invasoras.

2. Obxectivos

Os Estados membros establecerán medidas de restauración (nas zonas e ecosistemas incluídos no ámbito de aplicación do Regulamento) para cumprir de forma colectiva un obxectivo da Unión de abarcar **“polo menos o 20% das zonas terrestres e polo menos o 20% das zonas marítimas de aquí a 2030 e todos os ecosistemas que necesiten restauración de aquí a 2050”.**

Para iso, obrígase aos Estados membros, en relación cos hábitats que non se atopan en boa condición (tanto terrestres como mariños), **a que implementen medidas de restauración nos seus territorios** en, polo menos:

- O **30%** da superficie total de **aquí a 2030.**

⁸ A Comisión Europea sinala que o 50% do PIB mundial está vinculado á natureza e aos servizos que presta y que o investimento en restauración da natureza suma entre 4 e 38 euros en valor económico a cada euro gastado.

⁹ **Marco Mundial** de Biodiversidade (*Global Biodiversity Framework, GBF*) de Kunming-Montreal. 15ª Conferencia das Partes (COP) do Convenio sobre Diversidade Biolóxica (7 a 19 de decembro de 2022).

- O **60%** da superficie total de **aquí a 2040**.
- O **90%** da superficie total de **aquí a 2050**.

As porcentaxes aplícanse de maneira individual a ecosistemas mariños¹⁰, por unha banda, e a ecosistemas terrestres, costeiros e de auga doce¹¹, pola outra. Con todo, os Estados membros poderán **excluir (baixo xustificación e determinados requisitos especiais), **en relación cos hábitats terrestres, costeiros e de auga doce, aqueles "moi comúns e estendidos"**¹² que abarquen máis do 3% do seu territorio.**

Para alcanzar estes obxectivos nacionais, **deberase concretar unha área favorable de referencia que defina o estado de conservación favorable** nos diferentes tipos de hábitats. Con todo, o Estado membros pode considerar que **"non é posible establecer, de aquí a 2050, as medidas de restauración necesarias para alcanzar a área favorable de referencia (...) no 100% da superficie"** dun determinado tipo de hábitat. **Neste caso, poderase xustificar no plan nacional de restauración unha porcentaxe inferior de entre o 90% e o 100%.**

Así mesmo, **ata 2030, deberanse priorizar os hábitats que non se atopen en boa condición dos espazos Natura 2000**, "dado o papel esencial dos devanditos espazos na conservación da natureza". É necesario lembrar que, con arranxo ao dereito comunitario vixente, nestes espazos xa existe a obriga de "garantir a eficacia a longo prazo das medidas de restauración"¹³. Os Estados membros gozarán, con todo, de **flexibilidade suficiente para establecer medidas de restauración fóra de Natura 2000 cando condicións locais específicas así o**

¹⁰ Hábitats comprendidos no Anexo II do Regulamento relativo á restauración da natureza. É dicir: 1) leitos de vexetación mariña; 2) bosques de macroalgas; 3) bancos de mariscos; 4) mantos de rodolitos; 5) campos de esponxas, corais e coralíxenos; 6) respiradoiros e rezumadeiras; y 7) sedimentos areosos (que non superen os mil metros de profundidade).

¹¹ Hábitats comprendidos no anexo I do Regulamento relativo á restauración da natureza. É dicir: 1) zonas húmidas (costeiras e interiores); 2) pasteiros e outros hábitats pastorais; 3) hábitats fluviais, lacustres, aluviais e ribeiregos; 4) bosques; 5) hábitats esteparios, de breixos e de matogueiras; e 6) hábitats rochosos e de dunas.

¹² Artigo 3.11 do Regulamento relativo á restauración da natureza: tipo de hábitat presente en varias rexións bioxeografías da Unión cunha área superior a 10 000 km².

¹³ **Creada en 1992, Natura 2000 correspóndese coa maior rede coordinada de zonas protexidas do mundo:** máis de 27 000 cunha superficie de 1 358 125 km², o que representa o 17,9 % do territorio terrestre da UE e o 9,7 % das súas augas mariñas. Trátase, ademais, do **principal instrumento da UE para manter e recuperar o estado de conservación dos hábitats e especies protexidos**, o cal consta de Zonas Especiais de Conservación (ZEC) establecidas de acordo coa Directiva Hábitats e de Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) designadas en virtude da Directiva Aves.

xustificuen.

Tamén existen obxectivos, **de aquí a 2030, de restaurar polo menos 25 000 km de ríos para que volvan ser ríos de fluxo libre¹⁴**, así como de contribuír ao compromiso¹⁵ **de plantar polo menos 3 000 millóns de árbores adicionais na UE.**

O Regulamento tamén contempla a **obriga de evitar a deterioración significativa das zonas nas que se alcanzou unha boa condición. Existen excepcións (fóra dos espazos Natura 2000)** relacionadas coas catástrofes naturais, as transformacións derivadas do cambio climático ou a determinación, caso por caso, da existencia dun “plan ou proxecto de interese público superior para o que non se dispoña de solucións alternativas menos prexudiciais”.

3. Obrigas específicas

3.1 Restauración das poboacións de polinizadores

Tal e como sinala o regulamento, os polinizadores “son esenciais para o funcionamento dos ecosistemas terrestres, o benestar humano e a seguridade alimentaria”. Tendo en conta que nas últimas décadas o seu número diminuíu drasticamente na UE, os Estados membros deberán **concretar medidas¹⁶ centradas en investir “o declive das poboacións de polinizadores de aquí a 2030 como moi tarde”.** Cada seis anos a partir de 2030, e ata que se alcancen **niveis satisfactorios, farase un seguimento** dos avances sobre a base dun método científico establecido en diversos actos delegados adoptados pola Comisión Europea.

¹⁴ Aqueles ríos cuxo caudal non foi alterado (ou só minimamente) pola actividade humana.

¹⁵ Establecido pola Estratexia da UE sobre biodiversidade de aquí a 2030 (ibid., nota 6) A *Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques para 2030* ([Comunicación](#) dea Comisión Europea de 16 de xullo de 2021) inclúe unha folla de ruta para a súa aplicación, baseada no principio xeral de “plantación e cultivo da árbore axeitada no lugar axeitado e co propósito axeitado”. A contribución a este compromiso documéntase a través de [MapMyTree](#), unha ferramenta que ten en conta as árbores plantadas “con pleno respecto aos principios ecolóxicos e ao principio de adicionalidade”. As [Directrices sobre forestación, reforestación e plantación de árbores respectuosas coa biodiversidade](#) (Documento de traballo da Comisión Europea de 17 de marzo de 2023) articulan o marco dos principios ecolóxicos que deben terse en conta.

¹⁶ Ibid., nota 5. A Comunicación da Comisión Europea sobre polinizadores presentada en 2023 contén as medidas que deben adoptarse para reverter o declive dos polinizadores de aquí a 2030.

3.2 Restauración de ecosistemas mariños

Cando a protección dos hábitats mariños esixa a regulación das actividades pesqueiras ou acuícolas, aplicaranse os preceptos da política pesqueira común (PPC), baseados “nun enfoque ecosistémico a fin de garantir que as actividades pesqueiras teñan un impacto negativo mínimo no ecosistema mariño”. A PPC tamén se esforzará “por garantir que as actividades da pesca e a acuicultura eviten a degradación do medio mariño”¹⁷.

Ademais, os Estados membros poderán (sempre que a UE non fixese efectiva a súa competencia exclusiva con respecto á conservación dos recursos biolóxicos mariños¹⁸) adoptar medidas “para a conservación e xestión das poboacións de peixes e o mantemento ou a mellora do estado de conservación dos ecosistemas mariños dentro das 12 millas mariñas das súas liñas de base”¹⁹.

O Regulamento tamén anima aos Estados membros a establecer medidas de restauración para os hábitats de determinadas especies mariñas, como as quenllas e as raias, que aínda que entran dentro do ámbito de aplicación de determinados convenios internacionais, non son reguladas pola Directiva Hábitats.

Así mesmo, os Estados membros fixarán a porcentaxe da superficies total dos hábitats mariños de sedimentos areosos na que se aplicarán medidas de restauración, que poderá limitarse a unha proporción menor ao tratarse dun tipo de hábitat “amplamente representado nas augas mariñas de varios Estados membros”.

3.3 Restauración de ecosistemas mariños terrestres, costeiros e de auga doce

A. Agrícolas

Os Estados membros deben mellorar a biodiversidade dos seus terreos agrícolas “tendo en conta o cambio climático, as necesidades sociais e económicas das zonas rurais e a necesidade de garantir unha produción agrícola sostible na Unión”.

Para iso, o Regulamento esixe poñer en marcha medidas para **lograr tendencias**

¹⁷ Regulamento 1380/2013, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común. Artigo 2.3.

¹⁸ Artigo 3 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).

¹⁹ Ibid., nota 17. Artigo 20.

crecentes en polo menos dous dos tres indicadores seguintes²⁰: i) o índice de bolboretas de pasteiros; ii) as reservas de carbono orgánico en solos minerais de terras de cultivo; iii) a proporción de superficie agraria con elementos paisaxísticos de gran diversidade.

As aves comúns ligadas a medios agrarios²¹ tamén contan con obxectivos de recuperación propios, cuxa obrigaón de cumprimento non se aplica aos agricultores ou gandeiros, senón aos Estados membros.

Solos de uso agrícola que constitúan turbeiras drenadas

O Regulamento determina **obxectivos para restaurar o 30% das turbeiras drenadas en réxime de uso agrícola de aquí a 2030, o 40% de aquí a 2040 e o 50% de aquí a 2050. Polo menos unha terceira parte destas zonas debe ser rehumectada.**

Os obxectivos de rehumidificación en terras agrícolas **non implican unha obriga para os agricultores, gandeiros e os particulares que sexan propietarios de terras**, para quen "segue sendo voluntaria, sen prexuízo das obrigas derivadas do Dereito nacional". Así mesmo, co ánimo de permitir unha aplicación flexible destes obxectivos, os Estados membros poderán:

- **Reducir, cando estea debidamente xustificado, o alcance da rehumectación**, sempre que esta "teña efectos negativos para as infraestruturas, os edificios, a adaptación ao cambio climático ou outros intereses públicos" e non poida efectuarse en terras distintas das agrícolas.
- Considerar que as medidas de **rehumectación en zonas de extracción de turba e baixo outros réximes de uso da terra (v.g. bosques)²² contribúen ao cumprimento dos obxectivos de restauración das turbeiras drenadas en réxime de uso agrícola.**

B. Forestais

Os Estados membros adoptarán medidas de restauración para mellorar a biodiversidade dos ecosistemas forestais, dado que os bosques e outras superficies

²⁰ Anexo IV do Regulamento relativo á restauración da natureza.

²¹ Anexo V do Regulamento relativo á restauración da natureza.

²² A rehumidificación en turbeiras drenadas en réximes de usos da terra distintos dos usos agrícolas e de extracción de turba só poderán contribuír ao cumprimento dos obxectivos nun máximo do 40%.

boscosas ocupan máis do 43,5% do solo da UE. A falta dun método común para avaliar o estado destes ecosistemas que permita fixar obxectivos específicos, **deberase alcanzar unha tendencia crecente a nivel nacional, ata que se alcancen niveis satisfactorios:**

- Do índice de aves forestais comúns²³.
- De polo menos seis dos sete indicadores seguintes: i) a madeira morta en pé; ii) a madeira morta caída; iii) a proporción de bosques non coetáneos; iv) a conectividade forestal; v) as reservas de carbono; vi) a porcentaxe de bosques dominados por especies arbóreas autóctonas; vii) a diversidade de especies arbóreas²⁴.

Poderase xustificar o incumprimento destas obrigacións en casos de “transformacións inevitables do hábitat provocadas directamente polo cambio climático” ou de forza maior (en particular, os incendios forestais imprevistos ou incontrolados).

C. Urbanos

Xa que os ecosistemas urbanos representan ao redor do 22% da superficie terrestre da UE, débese garantir, **ata finais de 2030, que non se produza unha perda neta na superficie total nacional de espazos verdes urbanos nin de cuberta arbórea urbana.** Os Estados membros poderán excluír deste cómputo os ecosistemas urbanos nos que a proporción de espazos verdes urbanos (...) supere o 45% e a proporción de cuberta arbórea urbana supere o 10%”.

D. Auga doce

Coa finalidade de dar cumprimento ao obxectivo de restaurar polo menos 25 000 km de ríos na Unión para que volvan ser de fluxo libre de aquí a 2030, a restauración dos ecosistemas de auga doce debe incluír esforzos para restaurar a conectividade natural dos ríos, así como as súas zonas ribeiregas e chairas aluviais, por exemplo, mediante a eliminación de barreiras artificiais, especialmente as obsoletas²⁵.

²³ Anexo VI do Regulamento relativo á restauración da natureza.

²⁴ Ibid., nota 23.

²⁵ Aquelas que deixasen de ser precisas para a xeración de enerxías renovables, a navegación interior, o subministro de auga, a protección fronte ás inundacións ou outros usos.

4. Plans nacionais de restauración

Cada Estado membros deberá elaborar **un plan nacional no que determinará as medidas de restauración** necesarias para cumprir cos obxectivos establecidos no Regulamento, sempre "tendo en conta os datos científicos máis recentes". Será a **Comisión Europea quen avalíe a pertinencia destes plans nacionais** para alcanzar tales obxectivos.

Os primeiros plans presentaranse, como moi tarde, dous anos despois²⁶ da entrada en vigor do Regulamento, e conterán medidas ata xuño de 2032 cunha visión estratéxica ata 2050. Posteriormente, polo menos unha vez cada dez anos, os Estados membros revisarán o seu plan nacional e, de ser necesario, reformularano e incluírán medidas complementarias. En consecuencia, os plans restantes presentaranse **como moi tarde en xuño de 2032 (con medidas ata 2042 e unha visión estratéxica ata 2050) e 2042 (con medidas ata 2050).** A Comisión Europea será a encargada de establecer, mediante actos de execución, un modelo uniforme para o plan nacional de restauración.

O Regulamento recalca a importancia de que **todas as partes interesadas²⁷ poidan participar na elaboración do plan de restauración (en todas as fases da preparación, revisión e aplicación) "coa suficiente antelación e de forma efectiva"**. Os Estados membros tamén deberán ter en conta "a diversidade de situacións nas distintas rexións da Unión, como os requisitos sociais, económicos e culturais e as características rexionais e locais, incluída a densidade de poboación".

5. Interese público superior

Determinarase, caso por caso, a conveniencia dos plans ou proxectos de interese público superior para os que non se dispoña de "solucións alternativas menos prexudiciais", sempre que non se trate de espazos Natura 2000. Neste caso, as autorizacións seguirán o sinalado pola **Directiva Hábitats²⁸**.

Este interese público superior presumirase nos plans e proxectos cuxo único fin sexa a defensa nacional e na "planificación, construción e explotación de instalacións para a produción de enerxía a partir de fontes renovables, a súa

²⁶ Previsiblemente, a mediados de 2026.

²⁷ O Regulamento fai referencia "ás autoridades locais e rexionais, aos propietarios de terras e aos usuarios da terra e ás súas asociacións, ás organizacións da sociedade civil, á comunidade empresarial, ás comunidades de investigación e de educación, aos agricultores e gandeiros, aos pescadores, aos silvicultores, aos investidores e a outras partes interesadas pertinentes, así como ao público en xeral".

²⁸ Ibid., nota 1. Artigo 6.4.

conexión á rede e a propia rede correspondente e activos de almacenamento conexos". Ademais, os proxectos e plans relacionados coa produción de enerxía a partir de fontes renovables que fosen obxecto dunha avaliación de impacto ambiental poderán ser eximidos polo Estado membros da obrigaón de non dispoñer de solucións alternativas menos prexudiciais.

6. Financiamento

Como moi tarde un ano despois da entrada en vigor do Regulamento, **a Comisión Europea deberá presentar un informe no que figure**, a efectos de cumprir cos obxectivos e obrigaóns contidos no texto legal : **i) unha visión xeral dos recursos financeiros dispoñibles a escala da UE; ii) unha avaliación das necesidades de financiamento; iii) unha análise que detecte posibles déficits de financiamento.**

Cando cumpra, o informe tamén incluírá "propostas de medidas axeitadas, incluídas medidas financeiras, (...) como a creación de financiamento específico", sen prexuízo do marco financeiro plurianual (MFP) posterior a 2027. Cabe lembrar que **no actual MFP 2021-2027 existe unha meta de dedicar aos obxectivos de biodiversidade o 7,5% en 2024 e o 10% en 2026 e 2027 do gasto anual.**

O Regulamento tamén apela ao financiamento derivado dos programas de financiamento da UE, como o Programa LIFE, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ou o Programa Marco de Investigación e Innovación "Horizonte Europa". Ademais, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia "constitúe unha fonte adicional de financiamento para a protección e a restauración da biodiversidade e os ecosistemas"

Así mesmo, a elaboración dos plans de restauración non implica a obriga de reprogramar ningún financiamento no marco da política agrícola común (PAC), a política pesqueira común (PPC) ou "outros programas ou instrumentos de financiamento agrícola e pesqueiro no marco do MFP 2021-2027".

7. Financiamento

Como moi tarde un ano despois da entrada en vigor do Regulamento, **a Comisión Europea deberá presentar un informe no que figure**, a efectos de cumprir cos obxectivos e obrigaóns contidos no texto legal : **i) unha visión xeral dos recursos financeiros dispoñibles a escala da UE; ii) unha avaliación das necesidades de**

financiamento; iii) unha análise que detecte posibles déficits de financiamento.

Cando cumpra, o informe tamén incluírá "propostas de medidas axeitadas, incluídas medidas financeiras, (...) como a creación de financiamento específico", sen prexuízo do marco financeiro plurianual (MFP) posterior a 2027. Cabe lembrar que no actual MFP 2021-2027 existe unha meta de dedicar aos obxectivos de biodiversidade o 7,5% en 2024 e o 10% en 2026 e 2027 do gasto anual.

O Regulamento tamén apela ao financiamento derivado dos programas de financiamento da UE, como o Programa LIFE, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ou o Programa Marco de Investigación e Innovación "Horizonte Europa". Ademais, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia "constitúe unha fonte adicional de financiamento para a protección e a restauración da biodiversidade e os ecosistemas"

Así mesmo, a elaboración dos plans de restauración non implica a obriga de reprogramar ningún financiamento no marco da política agrícola común (PAC), a política pesqueira común (PPC) ou "outros programas ou instrumentos de financiamento agrícola e pesqueiro no marco do MFP 2021-2027".

8. Suspensión temporal

En caso de emerxencia, a Comisión Europea poderá adoptar actos de execución que suspendan as disposicións relativas aos sistemas agrícolas durante o máximo dun ano, sempre que se produza "un acontecemento imprevisible, excepcional e non provocado que estea fóra do control da Unión e que teña consecuencias graves a escala no que respecta á dispoñibilidade da terra necesaria para garantir unha produción agrícola suficiente para o consumo de alimentos".

9. Revisión

A Comisión Europea avaliará a aplicación do Regulamento relativo á restauración da natureza **como moi tarde o 31 de decembro de 2033, para o que analizará as repercusións nos sectores agrícola, forestal e pesqueiro, "tendo en conta os vínculos pertinentes coa produción de alimentos e a seguridade alimentaria na Unión, así como dos efectos socioeconómicos xenerais".**

Se así **fose necesario, a avaliación será acompañada dunha proposta de modificación das disposicións pertinentes, que teña en conta "a necesidade de**

establecer obxectivos de restauración adicionais, incluídos os obxectivos actualizados para 2040 e 2050”.

10. Actuacións do goberno galego para protexer a biodiversidade

10.1 Datos de interese

- En Galicia, os espazos incluídos na **Rede Natura 2000** suman **375 000 hectáreas, o que equivale ao 12% do seu territorio.**
- A rexión conta con **16 zonas de especial protección para aves (ZEPA)** e **59 zonas de especial conservación (ZEC).**
- **O 42% do territorio galego** encóntrase amparado por algún tipo de figura de protección da natureza. O Goberno galego (*Xunta de Galicia*) impulsou **13 proxectos para garantir a conservación da biodiversidade e a restauración de ecosistemas nos espazos incluídos na Rede Natura 2000.** Estes foron financiados con 26 millóns de euros asignados polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O 90% destes fondos xa foi executado.
- Nos próximos anos, destinaranse **70 millóns de euros a impulsar diferentes intervencións dentro dos parques naturais galegos e do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.**

10.2 Regulación autonómica

A. Lei de montes de Galicia

- Os bosques galegos representan o **7,8% da superficie forestal española.**
- **Galicia é a novena potencia forestal europea** e lidera a industria forestal-madeira a nivel nacional. A súa aportación ao PIB galego achégase ao 2% (por enriba do 0,9% en España e do 1,4% na UE).
- O sector forestal axuda a **fixar a poboación no medio rural galego, onde figura como unha das principais industrias xeradoras de emprego.** O 70% do sector asentase en poboacións con menos de 5 000 habitantes.
- Unha parte significativa dos montes galegos está incluída na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

- A lei de montes contén actuacións dirixidas a previr e reducir a degradación do monte, fomentar a súa restauración, paliar a súa sobre explotación e impulsar a súa xestión sostible.

B. Lei do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia

- **Establece o réxime xurídico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e biodiversidade galegos.**
- Entre os seus principios, destacan: i) a protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística; ii) a precaución respecto ás posibles intervencións que poidan afectar negativamente ó patrimonio natural ou á biodiversidade; iii) a prevención dos problemas derivados do cambio climático.
- Establece mecanismos de cooperación para fomentar a conservación e uso sostible do patrimonio natural con outras administracións e institucións públicas e privadas, así como coas persoas propietarias e usuarias do territorio.

C. Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

- Galicia é a comunidade autónoma co litoral máis longo de toda España (2 555 km).
- A Lei garante o equilibrio entre a protección da biodiversidade e a función social da costa.

11. Máis información

- **Regulamento** relativo á restauración da natureza e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2022/869.
- **Páxina web** da Comisión Europea sobre a restauración da natureza.
- **Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.**
- **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.**
- **Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.**